

COMUNICADO ANULACIÓN PROVISORIA DO III PREMIO POESÍA “TORRE DE CALDALOBA”

En xuntanza celebrada o 13 de outubro de 2020, o Concello de Cospeito, a Asociación Cultural de Pino e Culturalia GZ, despois dunha demorada deliberación acordan manifestar o seguinte:

*Un fallo informático na recepción dos traballos presentados á 3ª edición do Premio de Poesía “Torre de Caldaloba” desencadeou un **erro administrativo irresoluble** que non dá as garantías necesarias para que na convocatoria en curso do certame se poida acadar un ditame legalmente atribuíble a un concurso literario destas características. Tendo en conta todo o anterior, resolven atallar calquera irregularidade sucesiva mediante a **anulación** da presente convocatoria nas condicións desfavorables nas que se podería desenvolver, provocadas polo mencionado erro administrativo derivado do fallo informático, tamén referido.*

*Unha vez realizada esta anulación provisoria do certame, abrirose inmediatamente un **novo proceso de convocatoria** que, aínda conservando a denominación ordinal de 3ª edición, forzará o establecemento duns novos prazos (entrega de traballos, resolución de gañadorxs e entrega de premios) e cunhas BASES axeitadas que proporcionen as garantías indispensables para a execución totalmente carente de calquera prexuízo aos fundamentos dun certame literario (imparcialidade, fiabilidade, transparencia, legalidade).*

Ademais para dar maior solvencia a todo o fundamentado procederase á destrución dos traballos e plicas que chegaron ata a data de finalización de recepción dos mesmos.

Iso tamén leva a pedir desculpas a todas as persoas que se presentaran, por todas as molestias causadas, solicitándolles, a elas mesmas e a todas as que non se tivesen presentado, que continúen poñendo a súa confianza neste certame, porque esta decisión, que nos resultou difícil de tomar aínda que imprescindible, é unha boa mostra por parte da organización deste certame poético de primar a súa total integridade e transparencia.

Reiteramos as nosas desculpas e agardamos con maior entusiasmo e prestancia a chegada das obras para esta ‘nova’ do Premio de Poesía Torre de Caldaloba, co ánimo de que siga a medrar no panorama literario galego.

A organización do Premio de Poesía TORRE DE CALDALOBA